

## Non me deixes caer na tentación

**Xesús:**

**Comezamos a coresma**, un camiño de renovación cara á Pascua, acompañados de Xesús que coa súa Palabra, que é o noso compás, vainos indicando o camiño a seguir.

**Neste primeiro domingo**, camiñamos polo deserto, un lugar duro para mirar ao noso corazón e enfrontarnos ás tentacións que xorden de imprevisto, estorbándonos para camiñar tras Xesús.


**Nesta primeira semana** quero facer realidade a túa mensaxe: "está preto o reino, convértete, cre no evanxeo". Por iso dáme a túa forza para cambiar, mellorando a miña relación contigo (oración), cos demais (compartir) e comigo mesmo (xaxún de rancores ou de malas palabras)...

**X**  
**esús, ensíname a confiar en Ti** e a superar as tentacións coa túa axuda.



Jesús enséñame a confiar en Ti y a superar las tentaciones con tu ayuda.

## CUARESMA: caminando hacia la Pascua



**Convertíos y creed en el Evangelio**


**Evanxeio**  
**18-febrero-2018**  
**1º CORESMA-B**

## Caminando hacia la Pascua



**40 días CAMIÑANDO: Polo DESERTO**  
**Descubre que está cerca o Reino.**

# CORESMA 1º



## • Xénesse 9,8-15:

### **O pacto de Deus con Noé salvado do diluvio.**

Deus díxolle a Noé e aos seus fillos: «Eu fago un pacto convosco e cos vosos descendentes, con todos os animais que vos acompañaron: aves, gando e feras; con todos os que saíron da arca e agora viven na terra. Fago un pacto convosco: o diluvio non volverá destruír a vida, nin haberá outro diluvio que devaste a terra.» E Deus engadiu: «Este é o sinal do pacto que fago convosco e con todo o que vive convosco, para todas as idades: poñerei o meu arco no ceo, como sinal do meu pacto coa terra. Cando traia nubes sobre a terra, aparecerá nas nubes o arco, e recordarei o meu pacto convosco e con todos os animais, e o diluvio non volverá destruír os viventes.» *Palabra do Señor.*

## • Salmo 24: R/- Os teus camiños, Señor, son misericordia e lealdade para os que gardan a túa alianza.

## • 1 San Pedro 3,18-22: Deus chámanos e ilumínanos.



## • MARCOS 1, 12-15: Deixábase tentar por Satán, e os anxos servíano.

**Narrador:** Naquel tempo, o Espírito empuxou a Xesús ao deserto. Quedou no deserto corenta días, deixándose tentar por Satán; vivía entre as feras, e os anxos servíano. Cando arrestaron a Xoán, Xesús marchouse a Galilea a proclamar o Evanxeo de Deus. Dicía:

**Xesús:** -«Cumriuse o prazo, **está preto o reino de Deus: convertédevos e crede no Evanxeo.**»

*Palabra do Señor.*

*(Narrador-Xesús).*



## ¿Cuáles son mis tentaciones?



## 40 días CAMIÑANDO: Polo DESERTO. Descubre que está cerca o Reino.

### 1. VER: Un camiño polo deserto

-A viaxe que imos realizar esta semana é ao deserto. Que problemas encontraremos? É un lugar moi difícil: calor, frío, sen vexetación, silencio, lugar solitario, axiña xorden as inseguridades e limitacións. Pero é tamén un lugar de encontro con un mesmo, de despoñarnos do que non é imprescindible na vida, do que nos afasta de Deus.

*Como te sentirías nun deserto? Que sería o fundamental?*

### 2. XULGAR: Descubre que está cerca o reino

-No 1º domingo de Coresma, Xesús, no evanxeo dinos que el, antes de empezar a súa misión foise ao deserto durante 40 días. Alí “*deixouse tentar por Satán*” e logo comezou a predicar: “*está preto o reino de Deus, convertédevos e crede no Evanxeo*”.

#### QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

-Imos realizar unha peregrinación de 40 días ata a Pascua. Imos intentar saír, camiñar e deixarnos sementar pola Palabra de Deus que nos acompañará todo o percorrido pois é o noso compás (ver debuxo). Na celebración da cinza, o signo da cruz na fronte prepáranos ao camiño.

-**No deserto atopámonos con Deus** e tratamos de ver que cousas moven a miña vida, é dicir, que me afasta de Deus, cales son as miñas tentacións: TER máis que ser, PODER máis que servir e GOZAR máis que esforzarme.

-**Xesús atopa a solución:** descubre que o reino de Deus está preto, así que “*convértete*” (cambia) e “*cre no evanxeo*” (busca silencio, ora?).

*Cales son as túas tentacións? Como superalas?*

### 3. ACTUAR: Empeza a camiñar cara á Pascua.

-Atrévete a camiñar polo deserto, non vas só, acompáñate Xesús.

-Mira o teu corazón, Xesús quere transformalo, mira o que che pesa, estorba ou che impide camiñar con el con ledicia. Descubre que o reino está cerca e mira como ti podes facelo presente ao teu ao redor na túa familia, colexio e amigos.

-Enviade a mensaxe de atrás do móbil con wifi aos amigos.

-Canción: “Corenta días camiñando” <https://www.youtube.com/watch?v=WiSWRZkem5Q>

*Que vas facer estes 40 días? Que vas cambiar?*